

OS LAVADOIROS.

Trátase de construcións tamén moi frecuentes, non só no medio rural senón que tamén aparecen en zonas máis urbanas, como exemplo disto temos o lavadoiro da Banda do Río, no núcleo de Bueu.

Estamos ante un elemento de profunda raigame popular, xa que a pesares do avance da tecnoloxía doméstica algúns de estes lavadoiros aínda están en uso, si ben non faltan exemplos de total abandono.

Os lavadoiros que atopamos aparecen asociados a fontes ou aproveitan algún pequeno regato de auga. Están constituídos por un pilón de pedra con lousas inclinadas. Nalgunhas ocasións chéganse a aproveitar os muros de contención existentes para a formación dalgún dos lados do pilón.

Co obxecto de protexer ós usuarios das inclemencias do tempo, aparecen tamén lavadoiros cubertos a unha ou dúas augas. Están realizados con materiais tradicionais, a base de estrutura de madeira sobre pes dereitos de pedra, e nalgunha ocasión aparecen pechados por muros laterais de pedra.

Nos últimos tempos se ten realizado a cubrición de certos lavadoiros a base dunha estrutura de formigón con cuberta plana.

OS ENCOROS E AS CANALIZACIÓNS DE REGADÍO.

Trátase de construcións realizadas para gardar a auga suficiente para as prácticas de regadío. Neste tipo de construcións participan todos os propietarios das fincas próximas a elas. Existe toda unha serie de regras á hora do reparto de auga.

Os encoros consisten en pozas de auga escavadas no terreo e contidas mediante pequenos muros de pedra.

As canalizacións de regadío consisten a maior parte das veces, en simples sulcos realizados na terra, algunhas veces delimitados por pedras, polos que circula a auga, coa posibilidade de abrirse ou pecharse en certos puntos co fin de desviar a auga.

Exemplos deste tipo de construcións atópanse en todas as zonas agrícolas de Bueu.

OS MUIÑOS.

O muiño e outro dos elementos característicos da arquitectura da auga, utilizados para moer o millo fundamentalmente, aínda que tamén se utilizan para moer trigo e centeo.

Debido a gran cantidade de ríos pequenos e regatos, e a base da súa economía agrícola, o Concello de Bueu amosa gran cantidade de muiños, hoxe en día en desuso debido ás novas tecnoloxías que non precisan destes elementos para moer o millo, polo que a maioría dos muiños atópanse en estado ruinoso, cando non desapareceron.

Nalgunhas zonas dos ríos é posible observar, a pesar do mal estado no que se atopan, unha agrupación de varios muiños, formando un conxunto singular.

Trátase, en xeral, de construcións de pequenas dimensións, de 6 ou 7 metros por 4,5 metros, construídos a base de muros de cachotería ou perpiaño, de paredes dobres de ata 65 cms. e con cuberta de tella a unha auga. O único oco que presenta é a porta de entrada, situada normalmente no lado curto, onde ademais aparece, o pousadoiro ou pouso, que consiste nunha pedra incada no muro, preto da porta, que serve para apoiar os sacos. Nalgunhas ocasións aparece, tamén, un ventanuco pequeno que ilumina e ventila o tremiñado.

En función do sistema de canalización da auga utilizado para polo en funcionamento, cabe distinguir as seguintes tipoloxías:

a) Muiños de canle ou pozo oblicuo. Neles a canalización da auga efectúase a través dunha canle construída en pedra, que pode acadar lonxitudes de 6 metros. Esta canle vai collendo pendente co obxecto de que a auga adquira velocidade e forza, baixando a continuación por un cubo de pozo oblicuo que pon en funcionamento as pezas do rodicio.

b) Muiños de cubo ou pozo vertical. Este tipo de muiños, típico nos casos nos que o regato que chega ó muiño non conte cun caudal suficiente para polo en funcionamento, caracterízanse por ter adheridos a parede do muiño un cubo ou pozo onde se acumula a auga para logo caer verticalmente e así por en funcionamento o muiño.

A maioría dos muiños que atopamos en Bueu son de "herdeiros" ou de varios propietarios, existindo algún de "maquía" ou dun só propietario. Tamén existe algún exemplo de muiño-vivenda.

Segundo o inventario que se recolle no artigo-realizado por Manuel Aldao Portas, e titulado "Os muiños na península do Morrazo" no ano 1982, no Concello de Bueu existían: 37 muiños, a maioría de cubo, no río Ermelo-Canudo-Bispo; 20 muiños, a maioría de canle, no Barranco do Inferno; 19 muiños no río da Pena; e 3 muiños no río Nocedo.

Estas construcións, hoxe a punto de desaparecer, tiñan ata fai pouco un profundo arraigo popular, cunha serie de regras da comunidade cara o seu funcionamento e para o reparto da auga co fin de regar as veigas. Este arraigo ía máis alá da mera función, xa que o muiño era tamén o lugar de encontro da xente da comunidade, alí reuníanse para conversar, contar contos, etc. Non debemos esquecernos tampouco da lexicografía propia das pezas do muiño, bastante rica e especializada.